



Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

ACTA Nº 2018/23

SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL - CASA DO CONCELLO, LUNS 5 DE NOVEMBRO DE 2018 -

No día de hoxe, ás 14:15 horas, baixo a presidencia do alcalde, reúnen os concelleiros e concelleiras que se indican co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión Extraordinaria da Xunta de Goberno Local.

PRESIDE:

Manuel Fernández Munín

ASISTEN:

María del Carmen Botana Cebeiro

Antonio González Barral

Jesús Sanjuás Mera

SECRETARIA-INTERVENTORA:

Elena Suárez Rodríguez

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que o alcalde, como Presidente, declara aberta a sesión. Procédese a tratar os asuntos incluídos na

ORDE DO DÍA

- 1. Aprobación Acta anterior**
- 2. Aprobación das Bases da “VII Ruta de Tapas de Boqueixón”**
- 3. Sinalización da vía de acceso ó campo da festa do San Benito**
- 4. Festivos Locais ano 2019**
- 5. Desestimación da solicitude de autorización de Adan Jimenez Jimenez para a instalación dun posto de venda ambulante na Feira- Mercado de Lestedo.**

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

6. Licenza de demolición, e construción dunha vivenda unifamiliar illada

7. Autorización do campo de fútbol de Camporrapado para competición de tiro con armas

8. Aprobación facturas

9. Solicitud de permuta parcelas nº222 propiedade de Ana María Seijo Moreno e nº390-1 propiedade do Concello de Boqueixón.

10. Rogos e preguntas

PROPOSTAS ORDINARIAS

ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

A Xunta de Goberno Local do Concello de Boqueixón, en Sesión Extraordinaria do luns 5 de novembro de 2018, ACORDA:

1. Aprobación Acta anterior

Por unanimidade acórdase aprobar a acta da sesión realizada o día 29 de outubro de 2018

ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

A Xunta de Goberno Local do Concello de Boqueixón, en Sesión Extraordinaria do luns 5 de novembro de 2018, aprobou o seguinte ACORDO:

2. Aprobación das bases da “VII Ruta de Tapas de Boqueixón 2018”

O artigo 25.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, das bases do réxime local establece que o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover toda clase de actividades e prestar cantos servizos públicos contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal. Por outra parte,

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

o artigo 25.2 m) da mesma norma outorga competencias ós concellos en materia de cultura e de ocupación do tempo libre.

O Concello de Boqueixón leva a cabo diversas accións de potenciación do tecido empresarial, e en concreto, a actividade da “Ruta de Tapas de Boqueixón” é un proxecto de promoción do sector hostaleiro de municipio, unha acción cun obxectivo de desenvolvemento local e de impulso ó turismo gastronómico. Tendo constancia do éxito de participantes acadado na anterior edición desta actividade,

A Xunta de Goberno, ACORDA:

1.- Aprobar a organización do “VII Ruta de Tapas de Boqueixón 2018” nos seguintes termos:

*Calendario da ruta: 30 de novembro e 1, 2, 7, 8 e 9 de decembro 2018.

*Horario: 12:00h.- 15:00h. e de 20:00h.- 22:30h.

*O prezo que os hostaleiros participantes fixan para o cobro de cada tapa que entra no concurso: 2 €

*Os/as hostaleiros/as que queiran participar na ruta deben cubrir e asinar a ficha de inscrición no programa no Dpto. de Emprego e Formación na casa do concello.

2.- Aprobar as bases do Concurso da “Mellor Tapa de Boqueixón 2018” coas seguintes normas:

a) No “Concurso á Mellor Tapa de Boqueixón” concursan os establecementos hostaleiros de Boqueixón que presentarán as súas tapas habendo un xurado popular, formado polos clientes que degusten as tapas, os que votarán e elixirán á “Mellor Tapa de Boqueixón”.

b) O Consello Regulador de Augardentes e Licores de Galicia colaborará coa VII Ruta de Tapas Boqueixón nos seguintes termos:

-Todas as tapas presentadas á ruta deben incorporar na súa elaboración algún dos licores ou augardentes amparados polo Consello Regulador.



Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

-O Consello Regulador facilitará de xeito gratuíto, entre 1 ou 2 botellas de augardente/ licor por establecemento e tapa para a elaboración das mesmas.

-O Consello Regulador aportará lotes de produtos para os premios que se entregarán ós clientes e hostalerios/as gañadores/as.

-O concello de Boqueixón comprométese a incluír o logo do Consello Regulador e os logos das Indicacións Xeográficas Protexidas en todo o material publicitario elaborado para a promoción da VII Ruta de Tapas de Boqueixón.

c) Cada establecemento hostaleiro poderá presentar 2 tapas como máximo ó concurso no calendario e horario establecido.

d) O material publicitario e informativo inclúe carteis publicitarios da ruta e folletos de participación para a votación á mellor tapa.

e) O Concello de Boqueixón e os establecementos darán visibilidade ó material informativo e publicitario sobre a ruta das tapas, facilitando así ós clientes a participación no concurso e a realización da ruta.

f) Os folletos repartidos por todos os establecementos hostaleiros inclúen un apartado para datos persoais dos clientes participantes e outro apartado para os selos dos establecementos e para a votación á mellor tapa.

g) A degustación dunha tapa dá dereito a un selo do establecemento no que se degustou. Se o establecemento participa con máis dunha tapa no concurso, a degustación dunha das tapas dá dereito ó selo, non é preciso selar por cada unha das tapas que ofrece.

h) Unha vez cuberto todo o folleto con todos os selos dos establecementos participantes, o cliente indicará no mesmo folleto, cal é a tapa gañadora no espazo indicado para este fin. É imprescindible que o cliente cubra tamén os seus datos persoais e sinatura no mesmo folleto para darlle validez.

i) Cada hostaleiro/a disporá no seu establecemento dunha urna para as votacións dos/as clientes. As urnas deben estar ubicadas en lugar visible, pechadas e identificadas para o seu fin.

j) Unha vez rematado o calendario da ruta, reuniranse todas as urnas e sacaranse os folletos de participación. O persoal do concello revisarán o bo estado e veracidade dos mesmos, posto que se algún

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

folleto está mal cuberto, incompleto, roto, hai cuños falsos ou con riscaduras, etc retirárase do concurso.

k) Entre todos os folletos válidos contaránse os votos e a tapa máis votada será a gañadora: “*1ª clasificada como Mellor Tapa de Boqueixón 2018*”. A segunda tapa máis votada quedará como “*2ª clasificada no Concurso da Mellor Tapa de Boqueixón 2018*” e a terceira tapa máis votada quedará como “*3ª clasificada no Concurso da Mellor Tapa de Boqueixón 2018*”. Os establecementos gañadores conseguirán difusión dos locais mediante notas de prensa, promoción na páx. web, o diploma de recoñecemento e 1 lote de produtos aportados polo Consello Regulador de Augardentes e Licores de Galicia para cada un dos gañadores/as.

l) Por outra banda, os folletos válidos dos clientes serán clasificados e introducidos nunha urna para realizarse unha serie de sorteos:

* Folletos cubertos cun mínimo de 4 selos dos establecementos participantes:

- 1 Sorteio de **1 lote de botellas de viño** (aportación dos hostaleiros/as da Ruta de Tapas) e **1 lote de produtos** (aportación Consello Regulador de Augardentes e Licores de Galicia).

* Folletos cubertos cos 6 selos dos 6 establecementos participantes:

- 1 Sorteio de **1 premio en efectivo de 120€** aportación dos hostaleiros/as da Ruta de Tapas e **1 lote de produtos** aportados polo Consello Regulador de Augardentes e Licores de Galicia.

- 1 **Sorteo dun vale por valor de 120€** para canxear por unha comida/ cea a escoller entre os establecementos hostaleiros participantes na Ruta 2018 aportado polo concello de Boqueixón e **1 lote de produtos** aportados polo Consello Regulador de Augardentes e Licores de Galicia.

k) Os/as titulares dos establecementos inscritos participarán no “Concurso da Mellor Tapa de Boqueixón 2018” pero non poderán participar neste sorteo que está dirixido a clientes.

3.- O Concello de Boqueixón realizará as seguintes aportacións:

-Colaboración na organización.



Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

- Difusión da campaña (páx. web, notas de prensa, radio, presentación oficial para prensa, material divulgativo e de participación).
- Financiación da cartelería, folletos de participación, diplomas hostaleiros/as gañadores/as e urnas para as votacións.
- Premio dun vale por valor de 120€ para canxear por unha comida/ cea nun dos establecementos hostaleiros participantes na Ruta de Tapas 2018.

4.-Os establecementos hostaleiros participantes realizarán as seguintes aportacións:

- Colaboración coa organización e no bo desenvolvemento da actividade.
- Aportación de premios para sorteos entre os/as clientes.
- Difusión nos seus locais do material divulgativo e de participación.

5.- Dispor da asignación orzamentaria para facer fronte á aportación municipal.

6.- Publicar ditas bases no taboleiro de anuncios e na páxina web do concello de Boqueixón.

ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

A Xunta de Goberno Local do Concello de Boqueixón, en Sesión Extraordinaria do luns 5 de novembro de 2018, aprobou o seguinte ACORDO:

3. Sinalización da vía de acceso ó campo da festa do San Benito

Con data 24/09/2018, rexistro de entrada nº 01782, recíbese no Concello de Boqueixón un escrito da Xunta directiva da Asociación de Veciños Areosa, solicitando que o concello pinte, a ambos lados da



Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

pista que da acceso ao campo da festa de San Benito unha franxa lonxitudinal de cor amarela e coloque os sinais verticais oportunos, de xeito que se prohiba o estacionamento de vehículos na referida pista.

O pleno da corporación na sesión que tivo lugar o 9 de maio de 2018 aprobou unha modificación orzamentaria na que se incluíu entre outros, o proxecto de Sinalización horizontal vías municipais por importe de 119.854,74 €, con cargo ao superávit do 2017. Polo que existe consignación orzamentaria para a execución das obras de sinalización solicitadas pola asociación de veciños.

Con data 23 de outubro, o técnico municipal de urbanismo emite un informe no cal se indica:

1º.- O tramo do camiño no que se solicita a pintura horizontal en cor amarela, e a colocación de 2 sinais de prohibido o aparcamento de vehículos, é de titularidade municipal, incluído no inventario de camiños públicos municipais, aprobado definitivamente con data do 14/02/2017, é está identificado co nº. 1142.

2º.- O tramo no que se solicita a actuación, ten unha lonxitude de 60,00 metros, e unha ancho de 3,50 metros.

O artigo 33.5 da Lei 8/2013 do 28 de xuño, de estradas de Galicia, establece que a administración titular da estrada é a única competente para a súa sinalización permanente.

Considerando que habitualmente numerosos vehículos aparcan na referida pista municipal, dificultando o acceso doutros vehículos dende a estrada AC-960 a vivendas, parcelas e ao campo da festa de San Benito e viceversa.

Tendo en conta que corresponde ao Concello adoptar as medidas necesarias encamiñadas á defensa da vía e ao seu mellor uso, incluído a sinalización e a ordenación dos accesos,

A Xunta de Goberno, ACORDA:



Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

1. Iniciar os trámites necesarios para proceder coa sinalización correspondente para a prohibición de aparcamento de vehículos no tramo da vía que vai dende a AC-960 ata o inicio do campo da festa de San Benito.

2. Comunicar aos departamentos de servizos e obras e ao de intervención esta resolución para a adopción das medidas necesarias para a execución das obras e adquisicións dos sinais.

ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

A Xunta de Goberno Local do Concello de Boqueixón, en Sesión Extraordinaria do luns 5 de novembro de 2018, aprobou o seguinte ACORDO:

4. Festivos Locais ano 2019

O día 18 de outubro recíbese o escrito da Consellería de Economía, Emprego e Industria no que solicitan que se fixen os días festivos de carácter retribuído e non recuperable que se celebrarán neste concello no vindeiro ano 2019.

Neste ano establecéronse como festivos locais o día 22 de xaneiro - San Vicente e o día 10 de maio - Festas da Ascensión. Estando de acordo en que se manteñan estes festivos para o vindeiro ano,

A Xunta de Goberno, ACORDA:

1-. Designar como festivos locais para o ano 2019:

22 de xaneiro - S. Vicente

30 de maio - Festa da Ascensión

2-. Comunicar este acordo á Consellería de Economía, Emprego e Industria.

ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

A Xunta de Goberno Local do Concello de Boqueixón, en Sesión Extraordinaria do luns 5 de novembro de 2018, aprobou o seguinte ACORDO:

5. Desestimación da solicitude de autorización de Adan Jimenez Jimenez para a instalación dun posto de venda ambulante na Feira- Mercado de Lestedo.

Con data do 19 de maio de 2017 e rexistro de entrada nº 201700000001030, Adan Jimenez Jimenez con Dni: 35675873- k, presentou nesta entidade unha solicitude de autorización para a instalación dun posto de venda ambulante na Feira de Lestedo.

Revisada a súa documentación e comprobado que non se axusta ós requerimentos da Lei 13/2010, do 17 de decembro, do Comercio Interior de Galicia por falta de documentación. Con data do 5 de outubro de 2018 foille notificado a Adan Jimenez Jimenez un requerimento de documentación para completar a súa solicitude de autorización.

Segundo o artigo 68 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo, e tal e como se lle notificou, ten un prazo de 10 días para presentar a documentación requerida ou no seu defecto entenderase desestimada a súa solicitude.

Rematado o prazo indicado sen presentar a documentación indicada nesta entidade,

A Xunta de Goberno, ACORDA:

1. Desestimar a solicitude de Adan Jimenez Jimenez para a para a instalación dun posto de venda ambulante na Feira- Mercado de Lestedo e proceder a arquivar a citada solictude.
2. Notificar este acordo ó interesado arriba citado.

ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

A Xunta de Goberno Local do Concello de Boqueixón, en Sesión Extraordinaria do luns 5 de novembro de 2018, aprobou o seguinte ACORDO:

6. Licenza de demolición e construción dunha vivenda unifamiliar illada

Antecedentes:

Con data do 05/07/2018, con rexistro de entrada nº: 201800000001343, preséntase unha solicitude de licenza de obras, a nome de MANUEL EUSTAQUIO RODRIGUEZ FERREIRO, con DNI nº: 32432964C, para a demolición dunha edificación existente, e posterior construción dunha vivenda unifamiliar illada, sitos no lugar de Ardilleiro Grande, na parroquia da Granxa, emprazadas na parcela identificada coa referencia catastral nº: 15012B507010010000LR.

Con data do 24/10/2018, por María Carmen Novoa Sío, arquitecta, dos servizos técnicos urbanísticos municipais, emítase un **informe técnico favorable**, en base á toda a documentación achegada polo solicitante no expediente, e que literalmente di:

- 1. Con data do 19 de outubro de 2018 (RE nº: 2018/1982), achegouse a documentación requirida en informe técnico anterior. Asemade, consta no expediente o informe favorable de AESA.*
- 2. Para a ocupación da vivenda, será necesario achegar autorización de Augas de Galicia para o vertido da foxa séptica ó terreo.*
- 3. No que corresponde á normativa urbanística municipal, considérase favorable a solicitude para a realización dos traballos expostos na documentación presentada.*

Segundo a cartografía do PXOM, non existen outras afeccións que impliquen autorizacións administrativas previas á concesión da licenza municipal de obras, sen prexuízo doutros datos descoñecidos polo técnica que asina, e que non consten reflectidos na citada cartografía.



Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

4. No proxecto deberán figurar todas as actuacións previstas na parcela (urbanización interior, peches, etc.).

Consta no expediente a seguinte documentación xustificativa:

- A solicitude da licenza municipal de obras
- O proxecto técnico básico e de execución, asinado polo arquitecto Jorge Gómez Moar, colexiado nº: 4484, con nº: de visado 1803731,2
- A autorización sectorial de AESA, de data do 03/09/2018 (Expte.: E18-2778)
- O Oficio de dirección de obras
- O Oficio de dirección de execución de obras
- O Oficio de coordinación de seguridade e saúde
- A cualificación enerxética do proxecto
- A solicitude de autorización de vertidos da foxa séptica, a Augas de Galicia.
- O informe técnico favorable, de data do 24/10/2018

Con data do 31/10/2018, imítese o informe xurídico, no que se sinala que o expediente tramitouse de conformidade coa legalidade urbanística.

Vistos os antecedentes expostos, unha vez o expediente completo,

A Xunta de Goberno, ACORDA:

1.- Conceder, a “Licenza Municipal de Obras”, a MANUEL EUSTAQUIO RODRIGUEZ FERREIRO, con DNI nº: 32432964C, para as seguintes actuacións:

- Demolición dunha edificación existente
- Construción dunha vivenda unifamiliar illada

Esta licenza concédese salvo o dereito de propiedade, sen prexuízo a terceiros, e coas seguintes condicións:

a.-) *Condicións particulares:*

1. Nº.: do expediente municipal: 2018/U022/000016
2. Nº.: de rexistro de entrada: 201800000001343 / 05/07/2018 10:50:47
3. Promotor do expediente: MANUEL EUSTAQUIO RODRIGUEZ FERREIRO



Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

4. D.N.I. do promotor: 32432964C
5. Clasificación urbanística: Solo de Núcleo Rural
6. Ordenanza: Núcleo Histórico Tradicional
7. Tipo de licenza: DEMOLICIÓN de edificación existente, e CONSTRUCCIÓN de vivenda unifamiliar illada
8. Situación e emprazamento: Ardilleiro Grande - A Granxa
9. Referencia catastral da parcela: 15012B507010010000LR
10. Cesión municipal: en escritura pública (protocolo 3218, do 22/10/2004) - licenza de segregación nº: 2004/0084, do 21 de xaneiro de 2004.
11. Superficie de parcela: 2170 m² (mínima edificable 300 m²)
12. Superficie a demoler: 152,27 m² (antiga vivenda en ruínas)
13. Superficie a construír: 145,82 m² (nova vivenda unifamiliar en Planta Baixa))
14. Edificabilidade: 0,09 m²/m² (máxima permitida 0,50 m²/m²)
15. Ocupación: 9,96 % (máxima permitida 50 %)
16. Taxa municipal pola tramitación do expediente: 61,62 €
17. Orzamento de execución material das obras previstas: 60000 €
18. Liquidación do I.C.I.O. (1,9%, segundo ordenanza vixente): 1140 €
19. Técnico redactor do proxecto: Jorge Gómez Moar, colexiado nº: 4484 (arquitecto)
20. Dirección de Obras: Jorge Gómez Moar, colexiado nº: 4484 (arquitecto)
21. Dirección de execución de Obras: Pablo Ferreira Souto. Arquitecto técnico
22. Coordinador de seguridade e saúde: Pablo Ferreira Souto. Arquitecto técnico
23. Prazos de execución:
 - Para comezar as obras: **6 MESES** (do día seguinte a notificación desta licenza)
 - Para terminar as obras: **3 ANOS** (do día seguinte a notificación desta licenza)

(Poderanse conceder prórroga dos anteriores prazos, segundo o estipulado no artigo 359.3, do Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, debendo ser solicitados a instancia, con anterioridade o vencemento destes.)

b.-) **Condicións especiais:**



Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

24. Para a ocupación da vivenda, será necesario achegar a autorización de Augas de Galicia, para o vertido da foxa séptica ó terreo.

25. No proxecto deberán figurar todas as actuacións previstas na parcela (urbanización interior, peches, etc.).

26. Deberase instalar o cartel de obra na parcela, cos seguintes datos como mínimo: *Tipo de obra; nº de licenza; prazos de execución; promotor; director de obra; director de execución da obra, coordinador de seguridade e saúde, e empresa construtora.*

27. No suposto da instalación dunha GRÚA, durante a execución das obras, esta deberá contar coas autorizacións previas necesarias (Axencia Estatal de Seguridade Aérea - AESA), e seguros correspondentes.

28. No caso de invadir a vía pública durante a execución das obras, deberanse tomar as medidas de seguridade e saúde necesarias.

29. As obras serán executadas, conforme a documentación técnica presentada (proxecto básico e de execución e anexo).

2-. Aprobar, a liquidación dos dereitos municipais da TAXA (tramitación de expedientes urbanísticos), e do I.C.I.O. (imposto municipal por construcións, instalacións e obras), por importe total de 1201,62 €; e que deberán ser ingresados nas arcas municipais

Pago da Liquidación:

A liquidación total por importe de **1201,62 €**, será ingresada na tesourería deste Concello, na seguinte conta bancaria, a nome do "Concello de Boqueixón."

- Conta Nº: **ES51 - 2080 - 0320 - 20 - 3110000344** - Abanca (Lestedo - Boqueixón)

3-. Notificar este acordo ao interesado

ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

A Xunta de Goberno Local do Concello de Boqueixón, en Sesión Extraordinaria do luns 5 de novembro de 2018, aprobou o seguinte ACORDO:

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

7. Autorización do campo de fútbol de Camporrapado para competición de tiro con armas

Autorización do uso do campo de fútbol de Camporrapado para unha competición de tiro con armas neumáticas o día 2 de decembro.

Con data 29/10/2018 Manuel Millán Miguez, en representación da Asociación Galega do Rifle e Tiro Olímpico solicita o campo de fútbol de Camporrapado para unha competición de tiro o día 2 de decembro de 2018. Indica, así mesmo, que se colocará unha carpa para pulpería.

Xunto coa solicitude achégase a seguinte documentación:

- Xustificante dunha póliza de responsabilidade civil cun capital de explotación de 600.000 € e en vigor ata o 14 de setembro de 2019.
- Memoria realizada polo secretario da asociación galega do rifle e tiro olímpico, na cal se indica que o campo de fútbol atópase nunha finca pechada, bardante do lateral da casa da cultura que se pechará con vallas de obra e cinta de precaución. Hai tres puntos de acceso: A) porta principal ao lado das taquillas. B) porta traseira para saír recoller pelotas que saian do recinto e C) porta de acceso ao parque infantil e ao campo de fútbol. As portas A e B permanecerán en todo momento pechadas, a porta C será o único acceso permitido.

Por outro lado, tendo en conta a existencia dunha construción no fondo esquerda (fóra do recinto), delimitarase a área de competición aos 40 metros eliminando toda posible sensación de inseguridade.

As armas a utilizar serán carabinas de aire precomprimido e comprimido de 4ª categoría, todas co correspondente permiso de uso municipal e a potencia máxima das armas non excederá os 24 xullos.

Os tiradores dispararán tumbados á dúas distancias dos brancos, 100 metros os que posúan carabinas impulsadas por aire precomprimido e a 50 metros os de carabinas de resorte.

O Real Decreto 137/1993 polo que se aproba o Regulamento de armas, no artigo 3 establece a clasificación das armas incluíndo na 4ª

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

categoría as carabinas e pistolas de tiro semiautomático e de repetición así como as de ánima lisa ou raiada e dun só tiro, accionadas por aire ou outro gas comprimido non asimiladas a escopetas.

O artigo 28 do mesmo Real Decreto establece no apartado 1 que todas as armas de fogo terá un marcado distintivo que incluírá o nome ou marca do fabricante, o país ou lugar de fabricación e a numeración de fábrica. No apartado 4.5 sinala que os alcaldes poderán autorizar, cos condicionamentos pertinentes para garantir a seguridade, a apertura e funcionamento de espazos nos que se poida facer uso de armas de aire comprimido da categoría 4ª,

A Xunta de Goberno, ACORDA:

- 1.- Autorizar a celebración da competición de tiro con armas “neumáticas” no campo de fútbol de Camporrapado, o día 2 de decembro de 2018.
- 2.- As únicas armas a utilizar serán as da categoría 4ª establecida no artigo 3 do regulamento de armas e todas terán a correspondente numeración.
- 3.- En todo momento os organizadores deberán adoptar todas as medidas descritas na memoria presentada e demais que sexan necesarias para garantir a seguridade durante a celebración da competición.
- 4.- Dar conta deste acordo á Subdelegación do Goberno e á Garda Civil de Lestedo, aos efectos que consideren procedentes.

ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

A Xunta de Goberno Local do Concello de Boqueixón, en Sesión Extraordinaria do luns 5 de novembro de 2018, aprobou o seguinte ACORDO:

8. Aprobación facturas

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

A Xunta de Goberno acorda aprobar as seguintes relacións de facturas que serán aboadas con cargo ó presuposto do ano 2018, por un importe total de 64.612,57 euros.

Núm .	Proveedor	Partida	Importe
1	Sociedad General de Autores y Editores - Dereitos de autor representación teatro "Roedores" o día 30/09	334.226.09	181,50
2	Atendo Calidade, S.L. - Horas laborais libre concorrencia setembro	231.22799	1.625,00
3	Atendo Calidade, S.L. - Horas laborais dependencia setembro	231.22799	36.410,59
4	Gasóleos San Benito S.L.- Subministro gasóleo depósitos municipais	170.221.03 162.1.22103	888,39
5	Montouto Reparaciones S.L. -Reparacións camiión lixo	162.1.213	454,77
6	Galicia Eventos y Ocio S.L.- Servizo actividades deportivas adultos mes de setembro	341.22609	1.464,10
7	Liquidación de gastos de Rosario Iglesias Iglesias.- Gastos de material para exposición de pintura-Kedada na Ponte (02/09)	334.22199	7,60
8	Galicia Eventos y Ocio S.L.- Servizo actividades deportivas Patinaxe Verán Activo (Xullo 2018)	334.22609	363,00
9	Antonio Pena S.L.- Reparacións caldeira vestiarios campo de fútbol do Forte	342.212	289,19
10	José Benito Fernández (Casa de xantar O Imprevisto) - Botellíns de auga para reunión Mesa Coord. Instit. contra a Violencia de Xénero	231.22199	11,00
11	Liquidación de gastos de Arlette Aimee Freire.- Gastos de desprazamentos curso de inglés (de outubro de 2017 a maio de 2018)	334.231	383,04
12	Liquidación de gastos de Mari Cruz Ferreiro Sanín.- Gastos de desprazamento do desenvolvemento de tarefas e proxectos propios do posto de traballo (de agosto de a outubro de 2018)	432.231	62,64
13	Liquidación de gastos de Anselmo Caeiro Vilar.- Gastos de desprazamentos Xornadas formativas Deputación Peche Contable	920.231	56,60
14	Asociación Terras de Compostela.- Cuota de socio anualidade 2018	414.480	1.000,00
15	Funeraria- Tanatorio Apóstol Santiago S.L.-Centro de Flores deceso de José Iglesias Redondo	912.22601	66,00
16	Laura Mujico Millán.- Monitoraxe e acompañamento Campamento Recreando	334.22609	450,00
		TOTAL	43.713,

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

42

A continuación transcríbense as facturas domiciliadas e aboadas con cargo ó ano 2018

Núm.	Proveedor	Partida	Importe
17	Vodafone España, S.A.U- Telefonía Mensaxes (do 15/09 ao 14/10)	920.2200	14,54
